



BANDO

Neste ano, como en anteriores, observamos unha preocupante proliferación de comercios que, instalados principalmente no ámbito da Cidade Histórica, estenden a súa actividade á vía pública ou á fachada dos seus establecementos, xerando con isto unha imaxe non acorde cunha cidade que debemos coidar pola súa vocación de patrimonio de toda a humanidade.

Esta é a razón de **lembrar a toda a cidadanía de Compostela** a normativa vixente en materia de protección do medio ambiente urbano e uso da vía pública e, moi especialmente, o Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. Neste sentido, ao abeiro da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril,

DISPOÑO:

1. Queda prohibida, sen a previa autorización municipal, a fixación de carteis, a colocación de soportes e a manifestación de calquera actividade publicitaria en todo o ámbito do Plan especial correspondente á cidade histórica.
2. Prohíbese expresamente a invasión da vía pública con calquera elemento ou produto destinado á venda ou exposición, así como a colocación destes nas fachadas dos edificios, xambas, linteis, medianeiras ou lugares visíbeis desde a vía pública.

O incumprimento do disposto dará lugar á inmediata retirada dos ditos obxectos e á imposición das sancións previstas na normativa vixente: artigo 125 do Plan Especial da Protección e Rehabilitación da Cidade histórica, Ordenanza reguladora da publicidade estática e rotulación e demais normas aplicábeis.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Santiago, 27 de novembro de 2015

O ALCALDE,

Martiño Noriega Sánchez